

PREVENCIÓN DE LESIÓNS NA PRÁCTICA DEPORTIVA

Curso académico 2011-12

Programación

Clases: mércores de 18:00 a 20:00 e xoves de 19:00 a 21:00
(aula 2 da Facultade de CC. da Educación e do Deporte).

Titorías: xoves de 9:30 a 15:30 horas
(despacho nº 10, no 2º andar da Facultade de Fisioterapia).

- **7 de setembro** (mércores, de 18:00 a 19:00 horas): presentación da materia na Aula 1.
- **29 de setembro:** data tope para sinalar se se vai a optar a unha avaliación con traballo (indicando, ao mesmo tempo, tema e composición do grupo).
- **6 de outubro:** publicación do listado dos traballos escollidos e a data provisional para a súa exposición.
- **19 outubro:** data tope para a presentación dun esquema xeral do traballo a realizar (índice do traballo e explicación do que se vai a falar en cada apartado). Se algún grupo non presenta polo menos o índice do traballo, darase por entendido que dito grupo renuncia a súa elaboración.
Tamén será a data tope para sinalar os posibles problemas coas datas provisionais de exposición (salvo causas de forza maior).
- **20 de outubro:** publicación das datas definitivas das exposicións.
- **23 e 24 de novembro (provisional, á espera de confirmación):** non haberá docencia presencial. As horas adicaranse tanto á elaboración do traballo seleccionado, se é o caso, como a preparar a documentación dada polo profesor en relación a 1 ou 2 temas determinados da materia. As dúbidas que se teñan respecto deles, preguntádeas a través do correo-e (gfontes@uvigo.es) ou ben en horas de titorías.
- **28 de novembro:** exame da convocatoria de decembro e de fin de carreira 2011-12 ás 16:00 horas na aula 12.
- **30 de novembro e 1, 14, 15 e 21 de decembro:** exposición de traballos da materia (só se empregarán aqueles días que sexan precisos, os outros empregaraos o profesor para impartir docencia normal).
- **7 de decembro:** non haberá docencia presencial (provisional, á espera de confirmación segundo as necesidades de datas para facer as presentacións dos traballos).
- **22 de decembro:** titoría de orientación ao exame (terá lugar no despacho do profesor).
- **11 de xaneiro:** exame da convocatoria de 1º cuadrimestre ás 16:00 horas na aula 2.
- **6 de xullo:** exame da convocatoria de xullo ás 17:00 horas na aula 2.

Aqueles que fagan o traballo, terán que **entregar o traballo en formato Word na semana de clase anterior ao da súa exposición**. O resto da documentación (resume, ppt, vídeos,...) o día da presentación.

(En caso de precisar aclaracións sobre a elaboración, exposición e avaliación dos traballos, botádelle un ollo á guía docente e aos distintos documentos que se presentan na páxina web do profesor -<http://webs.uvigo.es/gfontes>- ou na plataforma de ensinanza virtual faiTIC -<http://faiTIC.uvigo.es/>-).